



MEMORIA XUSTIFICATIVA DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA: FUNCIONAL

O Consello Consultivo de Galicia, creado pola Lei 9/1995, do 10 de novembro, e regulado na actualidade pola Lei 3/2014, do 24 de abril, é o supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e actúa con independencia respecto de calquera órgano e, en garantía dela, goza de autonomía orgánica e funcional, non estando os seus membros ligados por ningún mandato imperativo.

Nestes mais de vinte e cinco anos de funcionamento do Consello Consultivo de Galicia púxose de relevo a necesidade de dotar á institución dunhas características que se axusten mellor ao complexo sistema xurídico actual, á exigencia de satisfacción dos intereses públicos aos que, con obxectividade, deben servir os órganos decisores para os cales o órgano consultivo ditamina ou informa, e aos principios de eficiencia e economía do gasto público, todo isto con pleno respecto ás garantías institucionais de autonomía orgánica e funcional.

A citada Lei 3/2014, de 24 de abril, no seu título III, amplía as competencias do órgano consultivo completando as súas funcións de asesoramento técnico coa posible redacción de anteproxectos legislativos, a elaboración de propostas legislativas ou de reforma estatutaria, e, sobre todo, a emisión de informes sobre cuestións concretas de especial transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia.



Con posteridade, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia contempla expresamente as peculiaridades do Consello, remitíndose no seu artigo 11 á súa normativa reguladora en todo o relativo ao persoal que presta servizos nesa institución e modificando para adaptala a esta realidade o artigo 29 da Lei 3/2014, de 24 de abril.

Pola súa banda, no Diario Oficial de Galicia núm. 124, do 3 de xullo de 2015, publícase o Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, no cal se desenvolven os aspectos organizativos e de funcionamento deste órgano consultivo, adaptados, fundamentalmente, ao novo deseño dos seus órganos e á nova delimitación competencial daquel implantados pola Lei 3/2014, do 24 de abril, aínda que agora debe adaptarse o mesmo ás modificacións operadas por as leis posteriores, así a Lei 3/2014, do 24 de abril, foi modificada pola Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, pola Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación e pola Lei 2/2023, do 14 de marzo.

Unha desas modificacións afecta ao artigo que dicía que o Consello Consultivo de Galicia estará asistido polo seu propio corpo de persoal letrado. A Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, suprime na D.A 4ª o corpo de letrados do Consello Consultivo de Galicia regulado no artigo 30 da Lei. Este artigo establece o seguinte:

“O Consello Consultivo está asistido por persoal letrado, dependente orgánica e funcionalmente deste, ao que corresponde, baixo a dirección da Presidencia ou das conselleiras e conselleiros, as funcións de estudo dos asuntos sometidos a consulta do Consello, a preparación e redacción dos correspondentes proxectos de ditames, os informes ou propostas e as demais funcións adecuadas á súa condición que lles



atribúa o Regulamento de organización e funcionamento do Consello. O número de prazas de letrado determinarase na relación de postos de traballo.

2. A provisión das prazas de letrados ao servizo do Consello Consultivo de Galicia, de acordo coa especial responsabilidade, confianza e cualificación profesional requirida, efectuarase por libre designación con convocatoria pública, de acordo co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, entre persoal funcionario pertencente á escala de letrados da Xunta de Galicia, do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma, subgrupo A1, prevista no punto 1 da disposición adicional oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Neste caso, a dependencia orgánica e funcional do Consello Consultivo será excepción ao previsto no artigo 38.1 da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

Así mesmo, en atención ás funcións do órgano e por razóns de especialización técnica e, de ser o caso, de acordo co que se determine na relación de postos de traballo, as prazas poderán ser cubertas por persoal pertencente a corpos de letrados da Administración xeral do Estado, da administración xeral doutras comunidades autónomas ou doutros consellos consultivos; por persoal pertencente á escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, subescala de secretaría; ou por persoal letrado do Parlamento de Galicia. En ningún caso esta forma de provisión suporá a adquisición de dereitos de integración na escala de letrados da Xunta de Galicia.”

Polo tanto parte desta proposta de modificación da RPT responde á adaptación á nova configuración que fai a Lei do persoal que desenvolve as funcións de letrado, no sentido da forma de provisión dos postos así como a pertenza a un corpo/escala determinado. Cómpre lembrar que a citada lei foi obxecto de recurso de



inconstitucionalidade nº 2311/2017, resolto por STC (Pleno) 87/2018, de 19 de xullo de 2018. De esta sentenza, é interesante destacar para os presentes fins o seu fundamento xurídico 3, segundo o cal:

“la previsión en una norma con rango de ley del sistema de libre designación como modo de provisión de determinados puestos de trabajo señalados en la norma con carácter general ha recibido ya el aval de la jurisprudencia constitucional en la STC 235/2000, de 5 de octubre (para determinados puestos reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional), y en particular para la Comunidad Autónoma de Galicia y las «jefaturas de servicio» de su Administración en los AATC 176/2016, de 18 de octubre, y 42/2017 de 28 de febrero, citados por el letrado de la Xunta de Galicia en su escrito de alegaciones. En la medida en que el recurso no cuestiona que las razones ofrecidas por el legislador autonómico («de acuerdo con la especial responsabilidad, confianza y cualificación profesional requerida» por ese personal) o que las funciones encomendadas por aquél al Consejo Consultivo y al «personal letrado» a su servicio no permitan o justifiquen ese modo de provisión de puestos de trabajo, sino que únicamente discute que pueda hacerse esa mención singular al sistema de libre designación en una ley en lugar de dejar esa decisión en manos de la Administración, basta con lo dicho para desestimar también la denuncia de haber vulnerado la Ley recurrida el derecho a la tutela judicial efectiva y el derecho a la negociación colectiva «de las condiciones de trabajo de los funcionarios públicos» prevista en el estatuto básico del empleado público (arts. 33 y ss.) al haberse establecido en una ley el régimen del personal del Consejo Consultivo de Galicia”.

A citada Lei 2/2017 modifica o artigo 22.2 da lei anterior que establecía que “A persoa titular da Secretaría Xeral deberá ser licenciada en Dereito e funcionaria do grupo A, subgrupo A-1[...]”. Na nova redacción se establece que “o posto de titular da Secretaría Xeral estará asimilado no seu rango ao de alto cargo”. Esta nova



configuración da Secretaría Xeral ten tamén o seu reflexo na nova RPT coa eliminación do posto Secretario/a xeral, nivel 30 que existía.

Por último a Lei 3/2014, do 24 de abril, trala modificación operada pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, di textualmente no artigo 29:

“1. O Consello Consultivo de Galicia dispoñerá do persoal da categoría, clase e condición necesaria para o desenvolvemento das súas funcións.

2. Corresponde ao Consello Consultivo de Galicia establecer a organización do persoal ao seu servizo e propoñer á Xunta de Galicia a aprobación e modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo, así como levar a cabo os procesos de provisión dos postos de traballo.

3. Sen prexuízo do disposto para o persoal letrado, os postos de traballo definidos na relación de postos de traballo para persoal funcionario poderán ser cubertos por persoal desta categoría da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, doutras comunidades autónomas ou do Estado”.

E derivado desta autonomía para a organización do seu persoal, a última modificación proposta é a amortización dun posto de nivel 12 e a creación dun posto de nivel 25.



MODIFICACIÓNS QUE SE PROPOÑEN:

Tendo en conta a normativa á que se fai referencia nos parágrafos precedentes a continuación expóñense de xeito pormenorizado as modificacións propostas:

1. Amortización de postos

A asunción de novas funcións por parte do Consello Consultivo de Galicia e a adecuación dos postos de traballo segundo a actual normativa, levan consigo unha nova organización e reestruturación do cadro de persoal amortizando daquelas prazas non necesarias neste momento, aínda que tiveron a súa clara xustificación no momento en que foron creadas. Proponse a eliminación dos seguintes postos:

- **Secretario/a xeral – letrado/a (CCG001), nivel 30, LD.**
- **Auxiliar Administrativo (CCG045), nivel 12, C.**

No primeiro caso, como se aditamentou, é a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación a que establece que “o posto de titular da Secretaría Xeral estará asimilado no seu rango ao de alto cargo”. Por este motivo a Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, adaptou o seu anexo de persoal a dita modificación e é polo que procede agora a eliminación desde posto na modificación da RPT xa que dende entón ten a configuración de alto cargo polo que non debe aparecer na RPT deste órgano consultivo.

No segundo caso, a eliminación procede tamén da adaptación da RPT á realidade do anexo de persoal que acompaña á Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023. O motivo desta supresión, feita logo de valorar que non repercute na calidade nin na prestación dos



servizos públicos, foi que este posto estaba vacante fai anos e era de difícil cobertura pola configuración do posto como de nivel 12 que nunca chegou a cubrirse en propiedade e aproveitase esta dotación orzamentaria para a creación dun posto de nivel 25.

2. Creación de postos

Creación do posto de **“Xefatura de Sección de Apoio”, de nivel 25**, co complemento específico xeral do dito nivel, coa forma de provisión por libre designación, aberto aos subgrupos A1-A2-C1, coa adscrición A11 e a formación específica curso de perfeccionamento de galego para persoal de outras AAPP (640).

A creación deste posto ven xustificada pola actividade de carácter institucional desenvolvido pola Presidencia do Consello Consultivo, e para a asunción de novas competencias en relación co asesoramento facultativo ás administracións públicas a través da sección de estudos e informes, que require unha coordinación interadministrativa entre o órgano que solicita a consulta e este órgano.

A súa configuración como forma de provisión libre designación está xustificada polo asesoramento e dependencia da Presidencia do Consello Consultivo que require o desempeño de tarefas de especial relevancia, de corte institucional como a coordinación da axenda do presidente, ou a comunicación con outras autoridades de carácter político e administrativo.

A codificación deste posto novo será CCG010.



3. Outras modificación

- 1- Modificar a forma de provisión, o corpo/escala e adscrición administracións públicas dos seis postos denominados “Letrado/a” con códigos na RPT actual: CCG002, CCG004, CCG005, CCG006, CCG007 e CCG008. Eliminar a formación específica 640 en eles.
- 2- Modificar no posto CCG003 a forma de provisión, o corpo/escala, adscrición administracións públicas e titulación.

Forma de provisión

Na RPT actual consta como forma de provisión “concurso” e proponse modificala por forma de provisión “libre designación” para adaptala ao artigo 30.2 da Lei 3/2014, tras a modificación operada pola Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación da Administración Especial.

Corpo/Escala

Na actual RPT consta como corpo/escala dos postos de “letrado/a” o corpo de Letrados do Consello Consultivo de Galicia, pero tras a supresión do mesmo pola D.A.4ª da Lei 2/2017 citada e da súa integración no corpo superior da Administración xeral da Xunta de Galicia, escala de letrados, subgrupo A1 procede modificar o corpo/escala polo de XSL (Xeral, escala letrados) nos postos CCG002, CCG004, CCG005, CCG006, CCG007 e CCG008. O posto CCG003 modifícase o corpo e escala incluíndo ademais do XSL (Xeral, escala letrados) o persoal pertencente á escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, subescala de secretaría.



Consello
Consultivo
de Galicia

Adscrición administracións públicas

Anteriormente ao estar o corpo/escala para o corpo de letrados do CCG a adscrición era igualmente a establecida no artigo 30.2 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia. A modificación proposta é nos seis postos denominados “Letrado/a” con códigos na RPT actual: CCG002, CCG004, CCG005, CCG006, CCG007 e CCG008 adscrición AXG (funcionarios da Xunta de Galicia). No posto CCG003 é adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia e administración local para o caso de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional adaptándoo ao previsto na lei vixente.

Titulación

No posto CCG003 incluír a titulación 2062 (licenciado/a ou grado en Dereito).

3.- A maiores, corrixir no posto denominado subalterno/a (CCG051), nivel 10, o grupo que na RPT actual consta como “E” e debe ser “AP”.

4- Por último, estes cambios (amortizacións e creación) obrigan á recodificación de varios postos: do CCG002 ao CCG008.

Segundo o exposto, pois, consideramos necesario proceder ás modificacións sinaladas.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O secretario xeral

José Ángel Oreiro Romar